

Margarita Pérez Herraiz pide non Congreso a oficialización do *Camiño de Inverno*

A iniciativa, impulsada tamén pola deputada ourensana Laura Seara, busca lograr o apoio da Cámara para reclamar ao Executivo estatal que leve a cabo as accións necesarias para o recoñecemento, posta en valor, divulgación e difusión desta Ruta, así como o apoio á recuperación dos bens patrimoniais polos que discorre

Os socialistas someten esta Proposición non de Lei á aprobación do Congreso co fin de lograr o apoio que non acadaron na emenda presentada aos Orzamentos Xerais do Estado para tal fin e logo de que a Xunta de Galicia incumprise o acordo acadado febreiro de 2013 de tramitar este recoñecemento

Ademais de dar continuidade ás accións emprendidas polo Partido Socialista no Parlamento galego, esta iniciativa tamén permite poñer en valor o traballo doutras administracións como é o caso da Deputación de Lugo ou da Asociación *Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra*

MADRID, 4 DE FEBREIRO DE 2015.- As deputadas Margarita Pérez Herraiz e Laura Seara veñen de rexistrar unha Proposición non de Lei no Congreso, a través da cal o Grupo Parlamentario do PSOE solicita ao Goberno a oficialización do *Camiño de Inverno*, que entra en Galicia por Valdeorras, procedente de Ponferrada, e que despois continúa camiño cara Santiago por Monforte de Lemos. Trátase dunha iniciativa coa que os socialistas buscan lograr o apoio da Cámara para reclamar ao Executivo estatal que leve a cabo as accións necesarias para o recoñecemento, posta en valor, divulgación e difusión desta Ruta, así como o apoio á recuperación dos bens patrimoniais polos que discorre.

Deste xeito, tal e como indica a deputada luguesa, “o Partido Popular, logo de rexeitar a emenda que presentamos neste senso aos Orzamentos Xerais do Estado, ten agora unha nova oportunidade. Cremos que se trata dunha cuestión inaplazable, pois esta declaración oficial terá consecuencias positivas para as zonas polas que discorre. É unha necesidade para o desenvolvemento turístico da Ribeira Sacra, que xa opta á Declaración de Patrimonio da Humanidade, e das comarcas de Chantada, Valdeorras e do Bierzo”, afirma.

Incumprimento da Xunta de Galicia

Os socialistas someterán esta iniciativa á aprobación da Cámara, co fin, tamén, de “emendar o incumprimento da Xunta”, tal e como quedou demostrado, en distintas ocasións, no Parlamento de Galicia. Recentemente, en decembro de 2014, o deputado autonómico –Vicente Docasar– comparecía na Comisión 4ª na que preguntou ao Partido Popular polas previsións da Xunta de Galicia, concretamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para dar cumprimento ao acordo unánime de 5 de febreiro de 2013 por parte do Parlamento sobre dita oficialidade.

Vicente Docasar, tendo en conta que xa pasaran 22 meses de tal acordo, pedía así que a administración autonómica cumprise a palabra dada, pois os deputados do Partido Popular votaron a favor desta iniciativa ata en catro ocasións:

- **Decembro de 2013:** todos os integrantes do Parlamento daban o visto e prace á proposta do Grupo Parlamentario do PSOE para que este Camiño, que atravesaba as comarcas de Valdeorras, Ribeira Sacra e Deza, acadase dita distinción.

-**Febreiro de 2013.** Acordo unánime á iniciativa socialista, na que se pedía que o proceso estivese concluído nun prazo de seis meses, é dicir, en agosto de 2013, como máximo.

-**Xaneiro de 2012,** tamén a instancias dos deputados socialistas, o PP aprobaba a proposta a cambio da inclusión dunha emenda que engadía a delimitación do Camiño cando o itinerario acadase a oficialidade.

-**Ano 2009.** Foi o primeiro acordo acadado. Nese ano, a iniciativa parlamentaria estaba dirixida a que este itinerario fose oficial no Ano Santo de 2010. Pero, o Executivo autonómico non só incumpriu a súa promesa, senón que excluíu, inexplicablemente, esta ruta da web oficial do Xacobeo.

Traballo doutras entidades

Ademais de dar continuidade ao traballo emprendido polo Partido Socialista no Parlamento de Galicia, esta iniciativa tamén permite poñer en valor o traballo doutras administracións como é o caso da Deputación de Lugo, que colaborou coa asociación *Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra* na promoción de actuacións conxuntas para potenciar esta Ruta.

[PARA DECLARACIÓNS CONTACTAR CON MARGARITA PÉREZ HERRAIZ: 629.30.45.00](#)